O Entroido

Que é o Entroido?

Entroido é unha festa popular que significa "entrada" ou "comezo" da primavera e o rexurdimento da vexetación.

Vicente Risco, escritor galego, nos di:

Días nos que está permitido o que non está o resto do ano… en que se poden facer cousas que noutro tempo parecerían moi mal, serían faltas graves contra da boa crianza e aínda contra as mesmas leis…

O Entroido presenta certo aspecto de "mundo ao revés".

Imos completar o calendario de Entroido, tes que colocar no seu sitio o nome de cada unha das celebracións, para elo consulta a seguinte páxina.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo

Domingo de rapaces: É o primeiro do día de Entroido, os nenos e nenas preparan xiringas con auga para botarlle a xente.

Domingo Fareleiro ou Borrallento: Os mozos bótanlle ás mozas farelo (a casca do gran) ou borralla.

Xoves de Compadres: Os mozos pelexan coas mozas para quitarlles un boneco "o Compadre" feito por elas co desexo de queimalo.

Domingo Corredoiro ou Oleiro: Continúase a botar farelo e borralla. Tamén celébrase o ***xogo das olas*** onde vaise pasando de uns a outros unha ola ata que escacha.

Xoves de Comadres: Igual co Xoves de Compadres pero ao revés.

Domingo, Luns e Martes de Entroido: Son os días de festa propiamente ditos, e cando se celebran nos distintos lugares os desfiles e comparsas e a xente disfrázase. Nas casa é cando cómese o cocido ca cacheira e de postre filloas, flores e orellas.

Mércores de Cinza: Remátase a festa, quéimase o Meco ou entérrase a Sardiña, a xente participa como "viúvas", "curas", xente chea de dor.

Domingo de Piñata: É o primeiro domingo do tempo de Coresma e remata definitivamente o Entroido xo xogo da Piñata.



Seguimos a aprender cousas do Entroido.

As máscaras presentan distintas formas segundo a zona ou a comarca onde se celebren.

As máis coñecidas son:

Os choqueiros ou vellos: Os máis comúns, a xente disfrázase ca roupa vella que atopa nos faiados. Atópalos por toda Galicia.

Os boteiros: Levan camisa feita con cintas de cores fruncidas, pantalón vermello, campás penduradas no van, na testa, un tocado de arame ou madeira cunha carauta pintada de negro e cos beizos pintados de vermellos. Son das terras do Bolo.

Os xenerais: Montan sobre cabalos engalanados e vestidos con vellos traxes militares. Son das terras do Ulla.

Os cigarróns ou peliqueiros: Levan cinco ou seis chocas penduradas no van, camiñan a brincos e non falan, na man levan un mallo. Podes velos en Verín e Laza.

As pantallas: Levan unha vexiga na man e chocas tamén no van. Son de Xinzo.

Os madamitos e as madamitas: Levan un vestido elegante e van disfrazados de señoritos. Son de Cotobade.

Agora no mapa de Galicia vas a situar as zonas nas que se usan os diferentes disfraces que coñeces.

Colorea:

Viana do Bolo – vermello

Xinzo - azul

Ulla - laranxa

Cotobade - violeta

Verín e Laza - verde


Cariño
Cedeira
Xove
Cervo
Ortigueira
Viveiro
Valdoviño
FERROL
Ferreira
Foz
Ribadeo
Alfoz
Barreiros
A CORUÑA
Sada
Pontedeume
Malpica
Miño
Mondoñedo
Laxe
Betanzos
Vilalba
Camariñas
Baio
Carballo
Muxia
Guitiriz
Cospeito
Vimianzo
Meira
Santa Comba
Curtis
Baamonde
Cee
Sobrado
Rábade
Fonsagrada
Fisterra
Negreira
SANTIAGO
DE COMPOSTELA
Castroverde
LUGO
Arzúa
Carnota
Noia
Melide
Palas de
Rei
Navia de Suarna
Muros
Porto do Son
Vila de
Cruces
Monterroso
Portomarín
Becerrea
Cervantes
Boiro
Padrón
A Estrada
Sarria
Ribeira
Rianxo
Agolada
Taboada
Triacastela
As Nogais
Paradela
Vilagarcía
Cuntis
Silleda
Lalín
Samos
Ribeira de Arousa
Caldas
de Reis
Río Miño
Forcarei
Pedrafita do
Cebreiro
Cambados
Chantada
O Grove
Folgoso
do Caurel
Cercedo
Poio
Sanxenxo
PONTEVEDRA
Monforte
Ponte Caldelas
O Carballino
Quiroga
Ría de Pontevedra
Marín
Arcade
Avión
Río Sil
Bueu
Cangas
Castro Caldelas
A Rua
O Barco
Redondela
OURENSE
Ría de
Vigo
VIGO
Mondariz
Ribadavia
Pobra de
Trives
Nigrán
Freixido
Porriño
A Cañiza
Manzaneda
Baiona
Ponteareas
Allariz
A Veiga
Arbo
Celanova
Viana do
Bolo
Tomiño
Tui
A Guarda
Xinzo de
Limia
A Gudiña
Bande
Verín

Agora vas ver as máscaras, ponlle a cada unha delas o seu nome.











Non podemos deixar de recoller neste traballiño do Entroido e das súas tradicións as receitas do que comemos estes días, cocido, orellas, filloas..., qué cousas precisamos para facelas e cómo temos que facelas.

Para rematar cóntanos como viviches este Entroido do ano 2011, qué fixeches, si te disfrazaches e si fuches a algún desfile ou andiveches polas portas como facían os teus pais.